

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

EXTRACTO da Resolución do 15 de xuño de 2020 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada polo COVID-19 (programa Cheques Dixitalización COVID-19), susceptibles de cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG300E).

BDNS (Identif.): 510979.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS):

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades con centro de traballo en Galicia comprendidas nalgunha das seguintes categorías:

a) Microempresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (inclúe autónomos que cumpran a condición de microempresa) que desenvolvan a súa actividade nalgún dos seguintes sectores:

i. Hostalaría e turismo – CNAE 55 (servizos de aloxamento), 56 (servizos de comidas e bebidas), 7711 (alugamento de automóbiles e vehículos de motor lixeiros), 7721 (alugamento de artigos de ocio e deportes), 79 (actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes), 9004 (xestión de salas de espectáculos), 91 (actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais), 93 (actividades deportivas, recreativas e de entretemento).

ii. Comercio polo miúdo – CNAE 45 (venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas) e 47 (comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas).

iii. Transporte – Rama H da CNAE (transporte e almacenamento).



iv. Perrucaría e estética persoal, tinturarías, servizos de reparación e outros – CNAE 95 (reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico), 9601 (lavado e limpeza de pezas de roupa téxtiles e de pel), 9602 (perrucaría e outros tratamentos de beleza), 9603 (pompas fúnebres e actividades relacionadas), 9604 (actividades de mantemento físico) e 9609 (outros servizos persoais n.c.n.).

v. As seguintes epígrafes de formación: 8532 (educación secundaria técnica e profesional) e 855 (outra educación).

b) As seguintes entidades da economía social: sociedades cooperativas galegas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego. Estas entidades deben cumprir a definición de peme establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014. Quedan excluídas desta epígrafe as entidades dedicadas aos sectores da pesca e da acuicultura, regulados polo Regulamento (CE) núm. 104/2000 do Consello e as entidades dedicadas á produción primaria de produtos agrícolas.

c) Entidades do tecido asociativo empresarial e laboral, como poden ser asociacións empresariais, clústers, colexios profesionais ou cámaras.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e teñen por obxecto apoiar proxectos que promovan a adaptación dos beneficiarios elixibles á situación creada polo COVID-19 mediante a implementación efectiva de tecnoloxías dixitais en calquera das seguintes categorías:

- Sistemas de control de presenza: cámaras, sensores, sistemas de *check-in/check-out*.
- Sistemas de control de capacidade: cámaras, sensores, sistemas en liña sobre catálogo diario (xestión de citas), xestión de colas.
- Sistemas de control de estado sanitarios: cámaras específicas, pulseiras.
- Sistemas de control de normas de calidade COVID-19.
- Sistemas e aplicacións de xestión baseados en *Low code automation*.
- Sistemas de catálogos diarios efémeros; sistemas de xestión de pedidos efémeros, comandas.



- Sistemas de cartelaría electrónica para mensaxes a clientela e de emisión de contidos en xeral.
- Sistemas de notificación en móbil; sistemas de xestión de contidos electrónicos para hostalaría (menús, cartas ...).
- Sistemas de balizas.
- Automatización de procesos regulados, tarefas reguladas, pasos regulados por COVID-19.
- Adaptación da presenza na internet ao efecto do COVID-19, mediante elementos como *bots* de conversa autónoma, integración de sistemas de comercio básicos, mellora do catálogo de produtos, solucións de atención remota, sistemas *pick and go* (compra en móbil e recollida en tenda) e outros similares.
- Solucións de conectividade e incorporación do teletraballo.
- Solucións de mellora da ciberseguridade.
- De xeito excepcional, outros que poidan axudar á dita adaptación, o cal se motivará na resolución de concesión.

Os proxectos deberán estar comprendidos entre os 1.500 € e os 12.000 € de gasto subvencionable, suxeitos aos límites entre partidas do artigo 5 das bases reguladoras.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 15 de xuño de 2020 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada polo COVID-19 (programa Cheques Dixitalización COVID-19), susceptibles de cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG300E).

Cuarto. *Importe*

O crédito dispoñible para concesión nesta convocatoria aboarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e cos seguintes importes:

Partida orzamentaria 09.A1.741.A.7810: 500.000 € con cargo ao ano 2020.

Partida orzamentaria 09.A1.741.A.7706: 6.500.000 € con cargo ao ano 2020.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de setembro de 2020, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2020

Zeltia Lado Lago
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

